

Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte **solicitude** diante do Alcalde e da Comisión de Goberno en relación con cultivos de millo tranxénico no concello de Ribeira.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Recentemente ten transcendido a través dos medios de comunicación a intención de determinadas empresas agroquímicas de solicitar do Ministerio de Medio Ambiente Medio Rural e Mariño a realización de ensaios de cultivo de determinadas variedades de millo modificado xeneticamente, concretamente da NK603 x MON 819. Segundo informacións do mesmo Ministerio, ensaios coma estes xa se teñen autorizado no concello de Ribeira nos anos 2006, 2007 e 2008. É polo tanto comprensible a sorpresa que tal nova causou entre parte da poboación preocupada polas incertezas que rodean a este tipo de cultivos e que a propia Comisión Estatal de Bioseguridade reconece.

Debemos ter en conta que este tipo de cultivos, lonxe dun beneficio, supón un claro prexuízo para a economía do noso concello que ten entre os seus principais valores a calidade e orixinalidade dos seus produtos naturais co que iso significa para o sector turístico, de restauración, imaxe exterior etc.

Hai que apuntar tamén que este tipo de cultivos, de ubicación descoñecida, supón un risco de contaminación das variedades tradicionais de millo galego que se poidan cultivar nas parcelas lindoiras, risco máis difícil de controlar no caso dunha importante fragmentación das parcelas como acontece no nosos concello e no noso país. Neste sentido, e compartindo o sentir de moitos cidadáns e organizacións de defensa dos dereitos dos consumidores, o Parlamento Galego aprobou recentemente unha declaración unánime de rexeitamento deste tipo de cultivos no noso país sumándose a actuacións similares que xa teñen feito outras comunidades e concellos de Galiza e do estado español.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Ribeira presenta a seguinte

### **SOLICITUDE**

O Goberno Municipal dirixirase ao Ministerio de Medio Ambiente, M. Rural e Mariño para facerlle chegar o rexeitamento a que no ámbito territorial do Concello de Ribeira se leve a cabo ningún tipo de cultivo con variedades xeneticamente modificadas.

Ribeira a 9 de Decembro de 2008



Asdo: Xosé Luís Groveiro González

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**